

ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN

O Pleno da Corporación, en Sesión Ordinaria do xoves 29 de decembro de 2016, aprobou o seguinte ACORDO:

4.- APROBACIÓN DO NOVO DOMINIO DA SEDE ELECTRÓNICA

A lei 11/2007 do 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns aos servizo públicos, creou o concepto de "sede electrónica" xustificando pola necesidade de definir claramente a sede administrativa electrónica coa que se establecen as relacións, promovendo un réxime de identificación electrónica coa que se establecen as relacións, promovendo un réxime de identificación, autenticación contido mínimo, protección xurídica, accesibilidade, dispoñibilidade e responsabilidade.

O artigo 10.1 da mesma lei define a sede electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a unha administración pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas competencias.

O apartado 3 do mesmo artigo establece que cada administración pública determinará as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas .

O concello de Rianxo asinou un convenio de colaboración para o uso compartido da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña polo concello de Rianxo e para a xestión e administración da sede electrónica municipal o 24 de outubro de 2013.

O concello de Rianxo contaba daquela cun dominio de sede electrónica.es. Neste momento, o concello de Rianxo leva a cabo uns novos trámites xunto coa Deputación para o rexistro dun novo dominio "sede.concelloderianxo.gal", garantindo que a comunicación entre os terceiros e o servidor sexa totalmente confidencial e que no poderá ser interceptada nin modificada.

O 9 de xaneiro caducan os certificados do dominio anterior da sede e cómpre renovalos para reflectir o cambio ao dominio sede.concelloderianxo.gal, polo que se propón o pleno a aprobación do presente acordo:

PRIMEIRO

Aprobar o novo dominio "sede.concelloderianxo.gal" para a Sede electrónica municipal e remitir copia deste acordo á Deputación da Coruña

O Alcalde despois de expoñer a proposta abre o turno de intervencións:

.../...

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.